

Ciencias Sociais: prvincias e concellos.

Fíxate neste mapa temático político de Galicia.

Xa sabemos que este mapa é unha representación a escala: na realidade, Galicia é moi grande e para organizarse mellor, dividen o territorio en catro provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Imaxínade a unha persoa soa tratando de controlar e supervisar todo o que pasa en todas as vilas e as cidades de Galicia enteira... Non sería posible. Polo tanto, a nosa comunidade (Galicia) necesita dividirse en varias partes.

É algo parecido ao que pasa no cole. Os nenos e nenas de 4º son moitos e para poder traballar ben, organízanse en dúas clases: 4ºA e 4ºB.

O mesmo ocorre en Galicia, que se divide en catro partes.




1. Nós vivimos na província da Coruña, tes algún coñecido/a, amigo/a ou familiar que viva noutra provincia? En cal?

2. Visitaches algunha vez outra das provincias de Galicia? Cando a visitaches e a cal fuches?

Aínda que Galicia está dividida en catro provincias, segue a ser moi grande e para organizar mellor ás persoas e a todos os servizos que temos (transporte, policía local, bombeiro, bibliotecas, limpeza de rúas...) nas vilas e nas cidades, é necesario dividila en partes máis pequeniñas: **os concellos**.

Neste mapa podemos observar todos os concellos de Galicia:



Pero... Que é exactamente un concello? Para sabelo. Teremos que ler esta información e observar o seguinte esquema:

Quen coida os parques e os xardíns? Quen se encarga de que os farois iluminen pola noite? E de vixiar o tráfico?

O Concello

O **Concello** é un organismo que se encarga de gobernar cada localidade e de coidar do seu funcionamento. Dentro del pódense distinguir:

- O **goberno** do Concello, que está composto polo **alcalde** e polos **concelleiros**. Traballan nun edificio que tamén se chama **concello**, onde se celebran reunións ou **plenos municipais**. Nesas reunións ordénase a actividade da localidade e tómanse decisións, como urbanizar unha zona do municipio. Normalmente, aos plenos poden asistir todos os veciños que o desexen.
- Os **traballadores municipais**, eles desempeñan as tarefas necesarias para o bo funcionamento da localidade, como a limpeza das rúas.

Para pagarlles aos traballadores municipais e afrontar outros gastos da localidade, o Concello recada diñeiro cobrándolles **impostos municipais** aos veciños.



Amplia

Localidade e municipio

O Concello goberna sobre un territorio denominado municipio ou termo municipal. Un municipio pode estar formado por unha ou por varias localidades.



- Investiga se o Concello do teu municipio goberna sobre unha ou máis localidades e indica o seu nome.

O concello

É o conxunto de persoas que gobernan as vilas e as cidades

É o edificio donde traballan esas persoas

1. O alcalde ou alcaldesa

2. Os concelleiros e concelleiras

3. Os traballadores municipais



3. Explica que é un concello, para que serve e por quen está formado.

4. Se clickas neste enlace: <http://www.fegamp.gal/entidades/concellos/acoruna> verás que na páxina web aparecen divididas as provincias de Galicia.

Busca con axuda dun adulto nesta páxina web, o número de concellos que ten cada provincia e escribe o nome de tres concellos de cada provincia:

- A coruña: _____

-Lugo: _____

- Ourense: _____

-Pontevedra: _____

Cantos concellos hai en total en Galicia? _____

5. Os teus avós viven en Galicia? En que provincia viven? Dentro desa provincia, en que concello viven?

6. Busca na páxina web <http://www.fegamp.gal/entidades/concellos/acoruna> o concello onde viven os teus avós. Se os teus avós non viven en Galicia, podes buscar o concello onde vive algún familiar ou amigo.

Unha vez o atopas, se clickas sobre o seu nome, aparecerache una información á esquerda.

6.1. Como se chama o concello? _____

6.2. Como se chama o alcalde ou alcaldesa que goberna ese concello? _____